


A canción do vagamundo, de Lois Diéguez (1)

A novela que imos comentar foi ganadora do Premio Blanco-Amor 1986. E é, tamén, a máis ambiciosa de todas cantas escribiu o seu autor: Lois Diéguez, e non só pola longa, senón por outras moitas cousas: as técnicas narrativas, as técnicas verbais, o intento de ser unha novela coral (quer dicir, con moitas personaxes), certa intención de totalidade, etc. Intentaremos, xa que logo, esculcar dentro das nosas posibilidades para saber se o autor chegou a bon porto.

A *canción do vagamundo* narra a historia dunha familia (os Nogueira) e o seu arredor. Acontecen-lles moitas cousas aos Nogueira (certamente), desde a morte do pai, cuxo sarteiro deita unhas pingas de sangue até un tío crego que se guinda ás ruas dunha vila a pedir que recen o rosario, pasando polo fillo (Pedro) que está casado (e separado en certos momentos) coa filla do grande cacique de Lugh (vila onde se desenvolve a novela) e que ten como compañeira a Natália (que é líder dun sindicato nacionalista) que traballa nunha das empresas do sogro de Pedro. Hai moitos máis personaxes: a nai (mamai Otilia), os irmáns (Xoán, Esther), as Chuchonas, o fillo de Pedro e a filla do cacique, etc. Eis, xa que logo o de por que definíamos en certa maneira á novela como "coral", pero isto fracasa. Quer dicir, nun momento determinado van desaparecer algúns dos personaxes (aínda que o seu nome aparece salpicado aquí e acolá) e o que vai interesar ao autor é, sobretodo, Pedro e a súa reacción que levan a un final máis que previsível. A novela vai-se do "coral" ao particular porque o autor non soubo controlar ben os personaxes, meteu demasiadas historias que non viñan a conto (a de Remedios ou a parte final do tío Leandro), alongou cenas que xa eran pesadas e reiterativas e que non acaban por se resolver axeitadamente (a cea narrada nas páxinas 100-129), por non falar das cenas, diálogos, entre Natália e Pedro —as máis ideoloxizadas da narración— onde o esquematismo ideolóxico converte en penosas páxinas que puideron ser baroianas (un dos primeiros amores de Diéguez: *A Torre de Babel*). Outro dos aspectos que se lle bota en falta á narración é a total falta de humor e a ausencia de ironía. Un pensa que certas partes da narración terían gañado moito se o autor tomase cara elas unha actitude irónica (a pelexa entre dúas bandas do partido maioritario en Lugh, que remata cunha saída de ton que fai que o capítulo sexa completamente aleatorio —como moitos outros, pero enfin). Isto en canto a técnicas narrativas e polo momento, seguirá-se máis adiante.

En canto ás técnicas verbais Diéguez equivoca-se de cheo. De primeiras porque a novela ten moitas follas e nunca rematamos de ver o tronco da árbore, o nervo da narración, pois son tal a cantidade de descrições que non veñen a conto que nos chimpa o autor, que non se sabe ben se é que está a narrar ou a descrever. Sobretodo tendo en conta que estas descrições non engaden nada ao relato. Vexa-se algun exemplo (que se poden multiplicar até o infinito): "Ao



pouco ven un rapaz moi noviño a lles pór o mantel e os servizos. Deixalles unha botella de branco e outra de tinto, no vidro a tea transparente da humidade e as pingas cativas que van agromando de vagar, correndo despois cara o mantel que as zuga con facilidade" (p. 219). Este procedemento de descrever polo miúdo fai que se encha a novela de párrafos dun lirismo máis que dubidoso —en verdade son frases e párrafos cheos dun "kistch" que pudo ser doadamente evitado—: "A mirada fosca amolécelle cando a pouca nas ledas andurrias a se abourar ao longo da estrada"; "A luz da tarde achégase ao fin e xa o río se vai vindo escuro e os choupos negros, e as parellas, antes perdidas por xesteiras e camiños soedosos, como regresando tristeiras de paraísos non consumados"; "O sol está a cair por tras do caseto que agacha o forno, e pon centileos dourados nas follas do pradario. Todos os testos de barro que abeirán a baranda da terraza teñen frores, pensamentos e rosas que lles mandan un fresco e suave arcedo"; etc. E isto é só unha mostra.

Outra das chatas é que o autor non correxiu o texto, pois estamos seguros que tería mudado certos tics que se ben poden sair no momento de escribir —de presa— ben poden ser sacados logo dunha lectura: "tivemos a sorte de que a xente se fose posicionando ao noso favor"; "aquí deixei os mellores anos da miña mocidade"; "se tivese a seguridade de que ia ficar aquí podería planificalo mellor, afacerme á idea, etc."; "Non se pode mesturar o plano obxectivo, colectivo, se queres, co individual"; "Aqueles eran outros tempos, baremábase segundo a situación", etc. Ou pleonasmos como: "vai metendo bocados na boca que lle saen...", frases rosalianas: "tan novo e xa se afixera á brutiza dos de Santiorxo". Párrafos aos que non se lle ve ben o significado: "En troques co Delmirio xa é outro cantar. A igrexita tenche moito poder, ben o sabes, e aínda que hoxe pareza que el non nada na fartura, xa verás mañá ¿Non ves como te mira?" (p. 207), etc. E, para rematar, o léxico: "moldeación", partixas e partillar, caxado (por caxato), preatear e plata, sortiran con sairan, exaculatoria por xaculatoria, etc., e tamén compriña discutir o emprego indiscriminado de "esqueira" e "encol".

Con todo, *A canción do vagamundo*, é un paso adiante —e ben grande— dado por Lois Diéguez, pois mellora as súas técnicas narrativas e sabe ir do presente ao pasado e do pasado ao presente sen que o lector perda fio, sabe misturar diálogos de diferentes cenas e diferentes personaxes dun xeito case que cinematográfico, e ten, cousa que nos demostrara anteriormente, unha ambición literaria sustentada nun traballo arreo. As pegas, xa quedan ditas: descrições (2) inúctuas, esquematismo dos diálogos, certo apriorismo ideolóxico (3) e gañas de encher páxinas por encher, non por necesidade intrínseca da narración, do relato. Se, dicía Joan Fuster, a toda novela lle sobra a metade, á presente aínda un pouco máis, pois talvez sen tantas follas o tronco tería lucido máis. □

XGG

1) Edicións Sotelo Blanco. Barcelona, 1986. Col. Medusa. 392 páx. 1272 pta.

2) A propósito das descrições das novelas, eis un aforismo de Fuster que un

comparte totalmente: "Descrever é inventar: e inventar é unha actividade subalterna, de notarios ou maos novelistas", nos, con todo, aínda lle damos un voto de confianza a Diéguez, pero...

3) Non quixemos entrar nos supostos ideolóxicos da novela, pois non é a novela o lugar idóneo para discutir problemas ideolóxicos, como ben viu no seu día Federico Engels, vexan-se os seus comentarios sobre o esquerdo e esquerdistas Jules Vallés, pero ao mellor resulta que don Federico era de dereitas (o compañeiro de Marx sempre dixo que a un escritor de ficción non tifa que notar-se-lle a súa ideoloxía, pois cantimal se lle notaba, é que era peor escritor, e isto-fai-se presente, por exemplo, en Alejo Carpentier, cuxa peor novela é aquela que é máis ideoloxizada: *La consagración de la primavera*).

Para deixar de pensar como un marxista

"Dous autores marxistas, fartos de ver as parvadas que adoitán a ser obxectadas de cote contra Marx, queren ofrecer á Posmodernidade os verdadeiros puntos febles deste pensador tan pasado de moda, coa esperanza de poder situar así a polémica nun máis digno nivel". Desta maneira definen os seus obxectivos os autores da obra "Dejar de pensar", Carlos F. Liria e Santiago Alba Rico, recentemente editada por Akal.

"Unha pantofoa percorre Europa... A Posmodernidade! Pero esta vez é só unha pantofoa", sinalan tamén.

Gracias a este libro "a Posmodernidade poderá realizar, ao fin, o seu máis básico obxectivo: deixar de pensar (...)" Este libro permitiríalle ser de dereitas sen quebra de cabeza! Gracias a el, din os autores, Kant, Marx, Hegel, Mozart, Rousseau, Picasso, foron definitivamente superados. Por primeira vez o super-home reconécese xa na súa esencia! Gostar, gostar aos demais, gustarte a ti mesmo (La Luna).

C. Liria e Santiago Alba, profesores de filosofía e guionistas ambos do programa de televisión española "La Bola de Cristal" respostan a todo tipo de preguntas: Por que son tan tristes os rusos?, Por que os "Hombres G" ligan máis? Por que a Otan consolidará a paz? Por que é tan gracioso Pedro Ruiz? Por que dá igual quen governe? Morreu a posmodernidade?

A crítica que desde un punto de vista marxista se lle pode facer a este libro: escasa calidade, falta de rigor, é respostada xa nas propias páxinas da obra: "Por que este libro é tan curto? Porque se tivésemos querido xustificar as cousas con maior rigor, os autores sen dúbida terían quedado máis satisfeitos pero a cambio case ningún nos lería, pois o esforzo intelectual e a profundidade conceptual contradirían a esencia mesma da nosa posmodernidade". □

M.V.

